

# CONTO DE INVERNO

Éric Rohmer, 1992

# 970

ESTREA EN NUMAX: 21.07.2022 | V.O.S.E. | +12

Durante unhas vacacións estivais, Felicie e Charles teñen un apaixonado romance, pero debido a unha confusión de direccións perden o contacto. Cinco anos despois, en Nadal, Felice vive en París coa súa nai e coa súa filla nacida nove meses despois daquel verán. Na súa vida sentimental, Felicia dubida entre Maxence, un peiteador, e Loïc, un libreiro intelectual, pero é incapaz de comprometerse con ningún deles porque non pode esquecer ao seu antigo amor.

«Rohmer converteuse nun mestre do seu propio xénero: o conto filosófico cristalino das escollas románticas dos seus peronaxes. Un traballo practicamente perfecto»

Jonathan Rosenbaum, CHICAGO READER



## Percorrer a cidade

Por Karina Solórzano

«Tamén as cidades cren que son obra da mente ou do azar, pero nin a unha nin o outro abundan para manter en pé os seus muros. Dunha cidade non gozas as sete ou as setenta e sete marabillas, senón a resposta que dan a unha pregunta túa».  
-Italo Calvino n'*As cidades imposibles*

O cinema de Éric Rohmer podería dividirse entre filmes de cidade e filmes de exteriores, xa sexa o campo ou a praia. O espazo está disposto xa sexa para o anonimato da multitude como n'*O signo de Leo* (1962), *O amor despois do mediodía* (1972) e *Tres romances en París* (1995) ou para suscitar unha sorte de cinema especular: descubrir no noso interior o raio que nos alumea como n'*O raio verde* (1986). *Conto de inverno* (1992) móvese entre estas dúas esferas, navegar entre a multitude parece conducir a Félicie, a protagonita do filme, a unha milagre que pode que non sexa outra cousa máis que a realización dunha certeza interior: o próximo reencontro co seu grande amor despois de cinco anos de separación por causa dun enderezo incorrecto. No seu interior xéstase aos poucos a certeza do reencontro, ela non busca o seu amor perdido na cidade porque iso sería, talvez, forzar o azar.

A resposta de Félicie, como para Calvino, está nas rúas de París, nelas prodúcese a milagre do reencontro. Como nunha aposta de fe, decide non desistir da esperanza de atopar o seu grande amor. Regresa de Nevers para ficar en París, a certeza chega subitamente nunha igrexa. Nevers fai pensar inevitablemente en *Hiroshima, meu amor* (1959), outro filme no que os personaxes son cidades: ela é a cidade francesa; el, Hiroshima.

En *Conto de inverno* hai un realismo *rohmerián* que se entende como a irrupción do real nalgunhas escenas que rexistran o que Félicie mira nas rúas que percorre, nos produtos do mercado ou os escaparates das tendas. Pero hai tamén intres nos que ese rexistro parece capturar unha milagre: o rostro dela mentres ve a obra de teatro de Shakespeare. No final de *Stromboli* (1950), de Roberto Rossellini, se cadra a milagre máis fermosa xamais capturada no cinema, a personaxe de Ingrid Bergman cruza un volcán e nun momento entre cinzas e fumes bótase no chan para chorar. De súpeto é como se a cámara capturase non só a revelación senón tamén a graza. Non estou certa sobre como o realismo de Rossellini ou de Rohmer poden albergar esas epifanías tanto para os seus personaxes como para os seus espectadores, pero ese tránsito desde a reflexión urbana á metafísica deste mesmo texto creo que é o que traza este *Conto de inverno*, un paseo do realismo á transcendencia. Coido que a capacidade para outorgar certo peso a todo aquilo que nos abisma no silencio ou a dúbida, contrario ao que poderíamos agardar, fainos percibilo dun xeito máis claro. Talvez existen cousas que foxen dunha tradución verbal; e, porén, no cinema todo é luz.